



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 151-2026

XI CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PENTATLÓN DE LANZAMENTOS MÁSTER

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 26 de setembro nas pistas de Balaídos (Vigo), o Campionato Xunta de Galicia de Péntatlon de Lanzamentos Máster.

Art.2).- Poderán participar atletas da categoría Máster con licenza na presente tempada pola FGA.

- Dada a limitación de prazas dispoñibles, limitarase o número de atletas en función das inscricións.
- Será obrigatorio ter marca acreditada en, polo menos, tres das cinco probas dende o 1 de xaneiro de 2025.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 14 de setembro.

- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026.

Situacións a referir no campo observacións da inscrición e formato de comunicación:

- Persoas con marca no péntatlon, cuxa marca non apareza automaticamente na inscrición:

4123p – Lugo – 15/05/25

- Persoas sen marca en péntatlon: indicar as marcas realizadas de xeito individual nas probas que o compoñen:

Peso – 10.98 – Vigo – 27/06/25

Disco – 36.37 – Ourense – 05/01/26

...

Art.4).- Comunicación de baixas.

- Serán remitidas a eventos@atletismo.gal
- O prazo ordinario de comunicación rematará ás 14:00 horas do venres 18 de setembro.

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 60' antes do comezo do péntatlon.

Art.7).- Os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.8).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)

Cámara de Chamadas		
Apertura	Peché	Saída a Pista
9:30	9:35	9:40
-		-
-		-
16:00	16:05	16:10
-		-

HORARIO	
Hora	Proba
10:10	Martelo
11:35	Peso
12:50	Disco
16:40	Xavelina
18:00	Martelo Pesado

Art.9).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a eventos@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 07 de setembro do 2026

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo